

Acta da reunión ordinaria da Xunta de Facultade de 21 de xullo de 2016

Asistentes:

Pita Grandal, Ana María
Allegue Aguete, Pilar
Aneiros Pereira, Jaime
Barreiro Carril, M^a Cruz
Fernández Acevedo, Rafael

Arias Martínez, María Antonia
Costas Comesaña, Julio
Ferrero Martínez, María Dolores
Ibáñez Paz, Regina
Manzano González, Baltasar
Mariño de Andrés, Ángel
Martínez Hens, Helena
Martínez Táboas, María Teresa
Rodríguez Damián, Amparo
Ruiz Hidalgo, Carmen
Trigo Gómez, Pilar

Diéguez Rodríguez, Xosé Miguel

Rubianes Ferro, José Luis

López Prieto, Nieves
Pérez Rodríguez, María Esther
Ramil Vázquez, Paula

Excusan asistencia:

García Freiría, Mónica
Fuenteseca Degeneffe, Margarita
Torres Pérez, Francisco José
Macías Cambra, Henrique
Rodríguez Rodríguez, Emma

O 21 de xullo de 2016, ás 12:30 horas en segunda convocatoria, deu comezo a reunión da Xunta de Facultade, coa seguinte orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.
2. Informes da Sra. Decana.
3. Aprobación, se procede, de táboas de recoñecementos das titulacións do Centro: diplomatura RR.LL- grao en RR.LL (plano novo); licenciatura en Dereito, rama económico-empresarial-grao en Dereito (plano novo); grao en RR.LL (plano novo)-grao en Dereito (plano novo); grao en Dereito (plano novo)-grao en RR.LL (plano novo).
3. bis. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.
4. Aprobación, se procede, da táboa de recoñecementos da titulación Dirección e Xestión Pública-grao en Dereito.
5. Aprobación, se procede, da Normativa de Traballos Fin de Máster do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra).
5. bis. Aprobación, se procede, das táboas de recoñecemento directo de créditos e materias nas titulacións dos Graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos, para os titulados en formación profesional de grao superior.
6. Aprobación, se procede, da Normativa de Prácticas Externas do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra).
7. Aprobación da modificación, se procede, da normativa de Prácticas Externas dos graos do Centro.
8. Aprobación, se procede, dun curso de formación sobre software de xestión de despachos.
9. Admisión a trámite, se procede, das solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumnado.
10. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior.

Apróbase, por asentimento, a acta da sesión anterior (13 de xullo de 2016).

2. Informes da Sra. Decana.

A Decana informa de que proximamente publicárase a convocatoria de eleccións a Decano/a do centro, e que segundo o calendario previsto a votación terá lugar o 26 de setembro.

Por outro lado informa de que tráense a esta Xunta a aprobación dunha serie de táboas de recoñecemento, entre elas, a do Grao en Dirección e Xestión Pública ao Grao en Dereito. En relación con este tema, informa que se está a elaborar a táboa “Grao en Dirección e Xestión Pública-RR.LL”.

3. Aprobación, se procede, de táboas de recoñecementos das titulacións do Centro: diplomatura RR.LL- grao en RR.LL (plano novo); licenciatura en Dereito, rama económico-empresarial-grao en Dereito (plano novo); grao en RR.LL (plano novo)-grao en Dereito (plano novo); grao en Dereito (plano novo)-grao en RR.LL (plano novo).

Aprobáronse, por asentimento, as seguintes táboas de recoñecementos:

Diplomatura RRL	Grado RRL (Plan nuevo)	Curso
308111101 Elementos Del Derecho Público Y Privado Troncal 12.0	Teoría del Derecho (FB, 6 ECTS)	1º
308111102 Historia Social Y Política Contemporáneo Troncal 6.0	Historia: Historia de las RRL en el mundo contemporáneo (FB, 6 ECTS)	1º
308111103 Sociología Troncal 11.0	Introducción a la Sociología en las RRL (FB, 6 ECTS)	1º
308111104 Derecho Del Trabajo 1 Troncal 6.0	Derecho del Trabajo I (OB, 6 ECTS)	1º
308111105 Organización De Empresas Troncal 11.0	Empresa: Organización de la Empresa (FB, 6 ECTS)	2º
308111107 Estadística Obligatoria 9.0	Estadística (FB, 6 ECTS)	1º
308111201 Derecho Del Trabajo 2 Troncal 6.0	Derecho del Trabajo II (OB, 6 ECTS)	2º
308111202 Derecho De La Seguridad Social Troncal 10.0	Derecho de la Seguridad Social I (OB, 6 ECTS)	2º
	Derecho de la Seguridad Social II (OB, 6 ECTS)	3º
308111203 Derecho Sindical Troncal 10.0	Derecho Sindical I (OB, 6 ECTS)	3º
	Derecho Sindical II (OB, 6 ECTS)	3º
308111204 Economía Española Obligatoria 4.5	Economía Española (FB, 6 ECTS)	1º
308111205 Contabilidad Obligatoria 9.0	Empresa: Fundamentos básicos de contabilidad de la empresa (FB, 6 ECTS)	1º

308111206 Régimen Fiscal De La Empresa Obligatoria 4.5	Derecho financiero y tributario I (OB, 6 ECTS)	3º
308111101 Elementos Del Derecho Publico Y Privado Troncal 12.0		
Práctica Fiscal Libre elección (6 créditos)		
308111207 Derecho De Sociedades Y Cooperativas Obligatoria 4.5	Derecho de Sociedades y Cooperativas (OP, 6 ECTS)	3º
308111208 Sociología Del Trabajo Obligatoria 4.5	Sociología del Trabajo (OB, 6 ECTS)	2º
308111301 Psicología Del Trabajo Troncal 9.0	Psicología (FB, 6 ECTS)	2º
308111302 Seguridad En El Trabajo Y Acción Social Na Empres Troncal 11.0	Prevención de riesgos laborales (6ECTS)	3º
308111303 Dirección y Gestión De Personal Troncal 10.0	Psicología del Trabajo (OB, 6 ECTS)	2ª
308111305 Derecho Administrativo Obligatoria 9.0	Derecho Administrativo (OB, 6 ECTS)	2º
308111306 Derecho Procesal Laboral Obligatoria 9.0	Derecho Procesal Laboral (OB, 6 ECTS)	4º
308111604 Economía Laboral Opcional 4.5	Economía Laboral (OB, 6 ECTS)	3º
Introducción al Análisis Contable (Libre Elección) (6 créditos)	Análisis Contable (OP, 6 ECTS)	3º
308111603 Análisis Contable (Opcional) 4,5	Análisis Contable (6 ECTS), optativa	3º

NOTAS:

1.- Para las materias que son objeto de reconocimiento en el Grado en Relaciones Laborales y Recursos Humanos se mantiene la calificación obtenida en la materia de la Diplomatura que ha sido reconocida. Si para tal reconocimiento es necesario superar dos o más materias de la Diplomatura, la nota correspondiente a la materia del Grado será la nota media ponderada de las obtenidas en las materias reconocidas.

2.- Las siguientes materias de la Diplomatura en Relaciones Laborales que no tienen equivalencia en el nuevo Grado en Relaciones laborales y Recursos Humanos que el/la alumno/alumna haya superado, se reconocerán por créditos optativos del modo que se indica en la siguiente tabla. La nota que figurará será la de APTO.

Diplomatura en Relaciones laborales			Grado en Relaciones laborales y Recursos humanos		
Materias	Créditos	Curso	Materias	ECTS	Curso
Matemáticas aplicadas a las ciencias Sociales. (obligatoria)	4.5	1º	Créditos optativos	3	-----
Inglés empresarial (optativa)	4.5	3º	Créditos optativos	3	-----

**TÁBOA DE RECOÑECIMENTO LICENCIATURA EN DEREITO ECONÓMICO-GRAO EN DEREITO
(PLANO NOVO)**

Licenciatura en Derecho (económico)			Grado en Derecho (Vigo)		
Materia	Créditos	Curso	Materia	ECTS	Curso
Derecho Romano	6	1º	Derecho Romano	6	1º
Historia del Derecho	6	1º	Historia del Derecho	6	1º
Informática I	6	1º	Informática. Nuevas tecnologías aplicadas al Derecho	6	1º
Informática II	4,5	2º			
Derecho constitucional I	7	1º	Derecho constitucional I	9	1º
Derecho constitucional II	7	2º	Derecho constitucional II	6	1º
Economía Política y Hacienda Pública	6	1º	Principios de Economía	6	1º
Macroeconomía	8	1º	Principios de Economía	6	1º
Microeconomía	8	2º			
Teoría del Derecho	4	1º	Teoría del Derecho	9	1º
Derecho Civil I	7	2º	Introducción al Derecho Civil y	6	1º
			Derecho de la Persona		
			Derecho Civil II. Derechos Reales	6	2º
Derecho Civil II	7	3º	Derecho Civil I. Obligaciones y Contratos	6	2º
Derecho Civil III	7	5º	Derecho Civil III. Familia y Sucesiones	6	3º
Derecho Internacional Público	7	2º	Derecho Internacional Público	9	2º
Derecho Penal I	7	2º	Derecho Penal I	9	2º
Derecho Penal II	7	3º	Derecho Penal II	6	2º
Delincuencia Económico- Empresarial (I. E)	6		Derecho Penal de Empresa (Opt.)	6	4º
Organización y Administración de Empresas5,5	5,5	2º	Fundamentos de Administración de Empresas	6	3º
Derecho Administrativo I	7	3º	Derecho Administrativo I	9	2º
Derecho Administrativo II	7	4º	Derecho Administrativo II	6	3º
Contabilidad Financiera	9	1º	Fundamentos de Contab. Y Finanzas	6	1º
Matemáticas de las Operaciones Financieras4,5	4,5	3º	Fundamentos de Contab. Y Finanzas	6	1º
Finanzas Internacionales	6	4º	Fundamentos de Contab. Y Finanzas	6	1º
Derecho Mercantil I	7	4º	Derecho Mercantil I	9	3º
			Propiedad Industrial y Competencia (opt.)	6	4º
Derecho Mercantil II	7	5º	Derecho Mercantil II	6	4º
			Derecho concursal (opt.)	6	4º
Derecho Marítimo (Opt.)	5	5º	Derecho Marítimo (opt.)	6	4º

Derecho Procesal I+Derecho Procesal II	4	3º	Sistema Judicial Español y Proceso Civil	9	2º
Derecho Procesal II	5	4º	Tutela Procesal del Crédito (Opt.)	6	4º
Derecho Procesal III	5	5º	Derecho Procesal Penal	6	4º
Derecho Internacional Privado	7	5º	Derecho Internacional Privado	9	3º
Comercio Internacional	6	5º	Derecho del Comercio Internacional	6	4º
Sistema Fiscal Español I	6	3º	Derecho financiero y tributario I	9	3º
Derecho Financiero y Tributario I	7	4º			
Derecho Financiero y Tributario II	7	5º	Derecho financiero y tributario II	6	3º
Practicum I	7	4º	Prácticas Externas (Opt.)	6	4º
Practicum II	7	5º	Prácticas Externas (Opt.)	6	4º

Observaciones:

1.- Para las materias que son objeto de reconocimiento en el Grado en Derecho se mantiene la calificación obtenida en la materia de la Licenciatura que ha sido reconocida. Si para tal reconocimiento es necesario superar dos materias de la Licenciatura, la nota correspondiente a la materia del Grado será la nota media ponderada de las obtenidas en las materias reconocidas.

2.- Las siguientes materias de la Licenciatura en Derecho (Rama Económico-Empresarial) que no tienen equivalencia en el nuevo Grado en Derecho y que el/la alumno/a haya superado, se reconocerán por créditos optativos del modo que se indica en la siguiente tabla. Por esta vía sólo se podrá obtener el reconocimiento de un máximo de 36 ECTS optativos y la nota que figurará será la de APTO. Además, el/la alumno/a que opte por este reconocimiento de créditos optativos no podrá obtener ninguna de las “menciones” que se prevén en el plan de estudios del Grado en Derecho.

<i>Licenciatura en Derecho (rama Económico-Empresarial)</i>			<i>Grado en Derecho (Vigo)</i>		
<i>Materia</i>	<i>Créditos</i>	<i>Curso</i>	<i>Materia</i>	<i>ECTS</i>	<i>Curso</i>
Introducción a los Sistemas Jurídicos	4,5	1º	Créditos optativos	3	-
Técnicas de Análisis Económico	5	1º	Créditos optativos	3	-

Historia Económica Contemporánea	4,5	2º	Créditos optativos	3	-
Derecho Comunitario	6	3º	Créditos optativos	4	-
Dirección Comercial	4,5	3º	Créditos optativos	3	-
Dirección de Recursos Humanos	4,5	3º	Créditos optativos	3	-
Derecho del Trabajo	7	4º	Créditos optativos	5	-
Análisis de los Estados Financieros	5	4º	Créditos optativos	3	-
Dirección Estratégica	8	4º	Créditos optativos	5	-
Teoría Civil	5	4º	Créditos optativos	3	-
Política Monetaria	6	4º	Créditos optativos	4	-
Derecho Eclesiástico del Estado	4	5º	Créditos optativos	3	-
Sistema Fiscal Español II	6	5º	Créditos optativos	4	-
Derecho del Transporte	5	5º	Créditos optativos	3	-
Filosofía del Derecho	4	5º	Créditos optativos	3	-
Economía Española	6	2º	Créditos optativos	4	
Economía de la Unión Europea	5	5º	Créditos optativos	3	

3.- No serán objeto de reconocimiento las materias de Libre Elección cursadas en la Licenciatura en Derecho (Rama Económico-Empresarial) que no tengan equivalencia en el Grado en Derecho.

RR.LL- Derecho (Plans actuals)

Materia cursada en RRLL	Materia por la que se convalida en Derecho
Fundamentos básicos de contabilidad de la empresa (FB, 6 ECTS)	Fundamentos de contabilidad y finanzas (OB, 6 ECTS)
Organización de la empresa (FB, 9 ECTS)	Fundamentos de Administración de Empresas (OB, 6 ECTS)
Derecho del Trabajo I (OB, 6 ECTS) Derecho del Trabajo II (OB, 6 ECTS) Derecho sindical I (OB, 6 ECTS) Derecho sindical II (OB, 6 ECTS)	Derecho del Trabajo y de la Seguridad Social (OB, 9 ECTS)
Derecho administrativo (OB 6 ECTS) Regulación Administrativa de la Economía (OB 6 ECTS)	Derecho Administrativo I (OB, 9 ECTS)
Derecho financiero y tributario II (OB, 6 ECTS)	Derecho financiero y tributario II (OB, 6 ECTS)
Derecho financiero y tributario I (OB, 6 ECTS) Práctica fiscal (OP, 6 ECTS)	Derecho financiero y tributario I (OB, 9 ECTS)
Derecho mercantil I (OB, 6 ECTS) Derecho de sociedades y cooperativas (OP, 6 ECTS)	Derecho mercantil I (OB, 9 ECTS)
Principios de Economía (6 ECTS)	Principios de Economía (6 ECTS)
Reconocimiento automático	Materias FB (respetando a priorización) (36)

Dereito-RR.LL (Plans actuals)

Materia cursada en Derecho	Materia por la que se convalida en RRLL
Derecho constitucional I (FB, 9 ECTS)	Derecho constitucional (FB, 6 ECTS)
Teoría del Derecho (FB, 9 ECTS)	Teoría del Derecho (FB, 6 ECTS)
Derecho Administrativo I (OB, 9 ECTS) Derecho Administrativo II (OB, 6 ECTS)	Derecho Administrativo (OB, 6 ECTS) Regulación Administrativa de la Economía (OB, 6 ECTS)
Fundamentos de contabilidad y finanzas (OB, 6 ECTS)	Fundamentos básicos de contabilidad de la empresa (FB, 6 ECTS)
Derecho financiero y tributario I (OB, 9 ECTS)	Derecho financiero y tributario I (OB, 6 ECTS)
Derecho financiero y tributario II (OB, 6 ECTS)	Derecho financiero y tributario II (OB, 6 ECTS)
Derecho mercantil I (OB, 9 ECTS)	Derecho Mercantil (OB, 6 ECTS) Derecho de Sociedades y Cooperativas (OP, 6 ECTS)
Derecho del Trabajo y Seguridad Social (OB, 9 ECTS)	Derecho del Trabajo I (6 ECTS)
Derecho de la Seguridad Social (OP, 6 ECTS)	Derecho de la Seguridad Social (6 ECTS)

Sistema judicial español y proceso civil (OB, 9 ECTS)	Introducción al Derecho Procesal (OB, 6 ECTS)
Fundamentos de administración de empresas (OB, 6 ECTS)	Organización de la empresa (FB, 6 ECTS)
Reconocimiento automático	Materias FB (respetando la priorización) (36 ECTS)

3. bis. Aprobación, se procede, de modificacións nos horarios do grao en Relacións Laborais e Recursos Humanos.

O vicedecano Rafael Fernández Acevedo explicou dúas propostas de modificacións de horarios. A primeira proposta, que afecta soamente ás dúas primeiras semanas de crase, consiste en modificar o horario da materia “Estatística” que pasaría a impartirse os xoves, de 09.00 a 10.00 e os venres de 10.00 a 11.00, mentres que a materia “Principios de Economía” pasaría a impartirse os xoves de 11.00 a 12.00 e os venres de 11.30 a 12.30. A segunda modificación é a relativa a materia Dereito do Traballo I, que pasaría a impartirse os xoves de 09.00 a 10.15, pasando a impartirse a materia Psicoloxía do Traballo no horario previamente asignado a Dereito do Traballo I: os mércores de 10.15 a 11.30.

Apróbanse as modificacións, coa abstención do alumno Miguel Diéguez.

4. Aprobación, se procede, da táboa de recoñecementos da titulación Dirección e Xestión Pública-grao en Dereito.

Apróbase, por asentimento, a seguinte táboa de recoñecementos:

Grao en Dirección e Xestión Pública			Grao en Dereito		
Dereito: Dereito administrativo I Xestión da Contratación do sector público	FB	6 ECTS	Dereito administrativo I	OB	9 ECTS
	OB	6 ECTS			
Empresa: Contabilidade financeira	OB	6 ECTS	Fundamentos de contabilidade e finanzas	FB	6 ECTS
Dereito financeiro e tributario Xestión tributaria Técnicas de xestión orzamentaria	OB	6 ECTS	Dereito financeiro e tributario I	OB	9 ECTS
	OB	6 ECTS			
	OB	6 ECTS			
Xestión de RRHH II: Orgzn. e xestión do emprego público Habilidades directivas nas administracións públicas Mercadotecnia pública e do sector non lucrativo Xestión de proxectos no ámbito autonómico e local	OB	6 ECTS	Fundamentos de Administración de Empresas	OB	6 ECTS
	OB	6 ECTS			
	OB	6 ECTS			
	OB	6 ECTS			

5. Aprobación, se procede, da Normativa de Traballos Fin de Máster do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra).

A Decana explica a necesidade de adaptar as normativas dos Másters en materia de TFM ao novo Regulamento da Universidade de Vigo.

O profesor Ángel Mariño pon de manifesto a carga excesiva de traballo que supón, para certos profesores, a aplicación da devandita normativa e pide ao Centro e ás CAMs que reivindiquen un tratamento excepcional para ese tipo de situacións.

En relación con este aspecto, o alumno Miguel Diéguez explica que non está de acordo coas consecuencias a que pode conducir a aplicación do artigo 8.1 da normativa en cuestión, no senso de que poden darse situacións nas que un alumno chega a un acordo co titor para facer o TFM sobre un tema proposto polo devandito alumno, e finalmente ese TFM é asignado a outro alumno.

Apróbase, por asentimento, coa abstención do alumno Miguel Diéguez (mentres non se resolva a súa alegación ao artigo 8.1) a seguinte normativa:

NORMATIVA PARA A ELABORACIÓN DO TRABALLO FIN DE MÁSTER EN AVOGACÍA POLA UNIVERSIDADE DE VIGO (campus de Vigo e Pontevedra)*

PREÁMBULO

O Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais dispón nas Directrices para o deseño de títulos de Máster Universitario (art. 15) que estas ensinanzas concluirán coa elaboración e defensa pública dun Traballo de Fin de Máster (en adiante TFM), que terá entre 6 y 30 créditos.

Pola súa banda, o Regulamento de Estudos Oficiais de Posgrao (aprobado en Consello de Goberno de 14 de marzo de 2007 e modificado polo Consello de Goberno de 16 de abril de 2010) establece no seu artigo 2 baixo a rúbrica “Planificación das ensinanzas” que o traballo Fin de Máster é obrigatorio, e deberá estar orientado á avaliación das competencias xerais asociadas á titulación. O número de créditos mínimo e máximo do TFM deberá cumprir as normativas autonómica e estatal vixentes. (A normativa da Universidade sobre o TFM está pendente de elaboración).

* Modificada na CAM celebrada o 12 de novembro de 2014, na CAM celebrada o 3 de marzo de 2015 e na CAM celebrada o 16 de marzo de 2016.

As normas de estudos de Máster e a Memoria do Título de Máster en Avogacía pola Universidade de Vigo, avaliada positivamente pola ACSUG, inclúen a elaboración e exposición do referido TFM por parte do alumnado desta titulación, e dispoñen que a Comisión Académica aprobará unha normativa interna para a súa xestión.

Consonte con todo o anterior, elaborouse a presente normativa para a realización do TFM en Avogacía pola Universidade de Vigo.

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

ARTIGO 1: OBXECTO

A presente normativa ten por obxecto regular a definición, titorías, procedemento de elaboración, presentación e defensa pública, avaliación e revisión do Traballo Fin de Máster en avogacía (campus de Vigo e Pontevedra).

ARTIGO 2: COMISIÓN DE TRABALLOS FIN DE MÁSTER

Correspondelle á Comisión Académica do Máster a aplicación e interpretación desta normativa interna.

ARTIGO 3: DEFINICIÓN DO TFM

1. O TFM forma parte do plano de estudos do Máster en Avogacía, no que se lle asigna unha carga de 6 Créditos ECTS.

2. O TFM deberá ser realizado de xeito persoal polo alumno/a seguindo as orientacións dun titor/a. O TFG é un traballo individual e orixinal, que cada estudante realizará de maneira autónoma baixo titorización docente, e debe permitirlle mostrar de forma integrada a adquisición dos contidos formativos e as competencias asociadas ao título. En ningún caso pode ser un traballo presentado con anterioridade polo/a estudante nalguna materia de calquera outra titulación.

3. O TFM estará orientado a que o alumno/a amose a capacidade de integración dos diversos contidos formativos recibidos e a adquisición das competencias vencelladas co Máster que cursa. En particular, deberá contribuír ao desenvolvemento das seguintes:

a) Capacidade para definir a metodoloxía dun proxecto e formular un plan de traballo relacionado con un ou varios dos ámbitos de coñecemento presentes no Máster;

b) Capacidade para realizar o traballo proxectado;

c) Capacidade para presentar e defender publicamente o TFM.

4. A avaliación do TFM será responsabilidade dos Tribunais constituídos de acordo co establecido no artigo 7 do presente texto.

ARTIGO 4: AUTORÍA DO TFM

1. O TFM será elaborado de xeito individual por cada un dos alumnos/as matriculados en forma e prazo nesta materia do Máster.

2. A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual corresponderá ao autor/a do TFM. Poderá ser compartida co titor/a de conformidade coa normativa vixente sobre a materia.

ARTIGO 5: TITOR/A

1. A titorización consistirá en supervisar e orientar o/a estudante na temática, metodoloxía, elaboración, presentación e calquera outro aspecto académico relativo ao traballo de fin de grao; así como facilitar a súa xestión, dinamizar e facilitar todo o proceso ata a presentación e a defensa do mesmo.

2. As tarefas de titorización, avaliación e cualificación dos TFM forman parte das obrigas docentes do profesorado.

2. Todos os TFM terán un titor/a que será profesor do Máster e que orientará e supervisará a elaboración do TFM ao longo de toda a súa duración para a consecución dos obxectivos e o desenvolvemento das competencias.

3. Todos/as os/as profesores do Máster poderán actuar como titores.

4. Todos/as os/as profesores do Máster estarán obrigados a titorizar, si son requiridos para elo, alomenos un TFM.

5. Cada curso académico a Comisión Académica determinará o número máximo de traballos que titorizará cada profesor/a atendendo ao número de alumnos/as matriculados/as na materia.

6. Se a natureza dun TFM o requirise, a Comisión Académica do Máster poderá autorizar a co-titoría do TFM

7. Nos casos de baixa prolongada dalgún titor/a, ou da súa desvinculación do Máster, a Comisión Académica asignará un novo titor/a para o TFM do alumno/a afectado/a.

ARTIGO 6: TRIBUNAL AVALIADOR DO TFM

1. Ao comezo do cuadrimestre correspondente, serán nomeados os Tribunais avaliadores do TFM que actuarán nas convocatorias oficiais de cada curso académico.

2. Os Tribunais estarán compostos por tres membros: presidente, secretario e vogal. En todo caso o Presidente do Tribunal e o Secretario deberán ser un docentes do Máster con vinculación permanente á Universidade de Vigo e o Vogal será un avogado que teña docencia no Máster. Seguiranse os criterios de categoría docente e antigüidade para a determinación do Presidente/a e Secretario/a.

3. Os profesores que integren os Tribunais serán elixidos por sorteo. Por cada un dos tribunais os tres primeiros profesores que saian no sorteo actuarán como titulares e os tres seguintes como suplentes. Excepcionalmente, a proposta da Comisión Académica do Máster debidamente fundamentada, poderá facerse un sorteo para cubrir a vacante dun posto no Tribunal que non puidera ser cuberta polo suplente.

4. Do concurso para a formación dos Tribunais quedarán excluídos, na medida do posible, aqueles profesores que tivesen formado parte dos Tribunais avaliadores no curso académico precedente.

5. Os membros suplentes dos Tribunais actuarán en substitución xustificada dos membros titulares.

6. Os coordinadores académico e profesional do Máster distribuirán os traballos

entre os Tribunais atendendo a temática do traballo e a especialización dos membros do Tribunal. En todo caso, non se lle asignará ao Tribunal os traballos titorizados por algún dos seus membros.

CAPÍTULO II: DA MATRÍCULA E DAS PROPOSTAS TEMÁTICAS

ARTIGO 7: MATRÍCULA NO TFM

Para que o alumnado poida matricularse na materia TFM será requisito imprescindible estar matriculado en todas as materias requiridas para finalizar o plan de estudos. A matrícula do TFM realizarase nos períodos oficiais e dará dereito a dúas oportunidades de avaliación nun mesmo curso académico. O réxime da matrícula do TFM será a mesma que a de calquera outra materia.

ARTIGO 8: PRESENTACIÓN DE PROPOSTAS TEMÁTICAS

Para a presentación e aprobación de propostas temáticas de TFM seguirase o seguinte procedemento:

1.- O/a coordinador/a profesional antes de finalizar o primeiro curso académico solicitará ao profesorado do Máster que realice as propostas temáticas correspondentes aos TFM do curso académico seguinte. Propondrá ós alumnos/as, antes do día vinte de outubro de cada ano, unha lista de temas para que poidan elixir un deles para o seu TFM nos seguintes dez días naturais á proposta, comunicándoo ao coordinador.

2.- Unha vez escollido o tema polo alumno/a, o coordinador profesional asignaralle un titor/a para el TFM tendo en conta a temática do mesmo, as preferencias da/o alumno/a e o límite máximo de traballos que, consonte aprobe a CAM en cada curso académico, poida titorizar cada profesor/a.

3.- A CAM aprobará a proposta de TFM realizada polo/a alumno/a segundo o documento oficial correspondente (do cal o modelo acompáñase no Anexo I da presente normativa). Esta proposta conterá alomenos a seguinte información:

- Alumno/a.

- Titor/a co seu visto e prace.

- Título.

- Breve Memoria indicando o tema do traballo, os seus obxectivos e o plantexamento do mesmo, que se entregará como anexo á proposta, cunha extensión máxima de dúas páxinas en formato DIN A4.

ARTIGO 9: ASIGNACIÓN PROXECTO E TITOR/A

1. As devanditas asignacións de titor/a e proposta temática terán unha validez de un curso académico. Unha vez transcorrido dito curso deberá realizarse un novo proceso de asignación de titor/a e de proposta temática.
2. Calquera conflito en relación coas propostas de TFM será analizado e resolto tendo en conta as circunstancias de cada caso pola Comisión Académica.

CAPÍTULO III: DA PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DOS TFM

ARTIGO 10: SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFM

1. A presentación pública e avaliación do TFM farase no correspondente período de exames segundo a matrícula en vigor.
2. O alumno/a solicitará a presentación e avaliación do TFM ao longo do cuadrimestre do segundo curso académico e, en todo caso, co visto e prace do seu respectivo titor/a. No Anexo II desta normativa engádese un modelo de solicitude de presentación pública do TFM.
3. A solicitude de presentación, dirixida á Comisión, deberá ir acompañada catro exemplares en papel do TFM co visto e prace do/a titor/a académico/a e, ademáis, enviárase por correo electrónico á dirección que previamente se indique unha versión do TFG en pdf. No pdf constará o NIF, nome e apelidos, título do traballo. Ademáis, no texto do correo electrónico co pdf adxunto o/a alumno/a fará constar todos os devanditos datos.
4. A efectos de avaliación, o titor/a académico emitirá un informe no que valorará e cualificará o labor realizado polo alumno/a durante o período de elaboración do TFM.
5. En atención ás solicitudes presentadas, o Tribunal avaliador establecerá e publicará a orde para a celebración do acto de presentación pública do TFM. Alomenos, fixaranse dúas datas para a convocatoria ordinaria e extraordinaria, respectivamente.

ARTIGO 11: REGRAS DE ELABORACIÓN DO TFM

O TFM terá una estrutura que respectará as pautas recollidas no Anexo III desta normativa interna.

ARTIGO 12: ACTO DE PRESENTACIÓN PÚBLICA DO TFM

1. O acto de presentación será realizado polo alumno/a en sesión pública na data e hora asignada.
2. O alumno/a exporá nun tempo máximo de quince minutos un resumo do TFM e dos principais resultados e conclusións acadados. Posteriormente, sen superar os quince minutos, os membros do Tribunal avaliador realizarán as observacións e formularán as preguntas ao alumno/a que estimen oportunas sobre o traballo, cun una réplica deste de ata quince minutos.

ARTIGO 13: AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO TFM

1. Celebrado o acto de presentación pública do TFM, o Tribunal avaliador deliberará sobre a cualificación tomando en consideración o informe emitido polo titor académico, a calidade do contido do TFM, así como a propia exposición, en particular, a claridade expositiva e a capacidade de debate e defensa argumental do alumno/a. Na avaliación

aplicaranse os seguintes criterios

- | |
|---|
| <ol style="list-style-type: none">1.- Informes dos titores: Ata 2 puntos2.- Calidade do contido: Ata 5 puntos<ol style="list-style-type: none">a. Metodoloxía: máx. 2b. Calidade da redacción: máx. 1c. Conclusións: máx. 23.- Exposición: Ata 3 puntos<ol style="list-style-type: none">a. Claridade expositiva: máx. 2b. Capacidade de debate e defensa argumental: máx. 1 |
|---|

Aos efectos da ponderación do apartado 1 o titor deberá emitir unha puntuación numérica sobre base 10.

2. A cualificación final será a resultante da media aritmética das notas atribuídas por cada un dos membros do Tribunal avaliador.

3. Ao remate da avaliación e cualificación da totalidade do TFM, o Tribunal avaliador poderá conceder a mención de matrícula de honra de conformidade coa normativa vixente na Universidade de Vigo.

4. No caso de que o TFM non acade a cualificación mínima de aprobado (5), o Tribunal deberá indicar aqueles aspectos susceptibles de corrección e mellora para obter a lo menos a devandita cualificación.

5. No anterior suposto, o alumno/a poderá presentar novamente o TFM á consideración do Tribunal avaliador na convocatoria extraordinaria.

ARTIGO 14: REVISIÓN DE CUALIFICACIÓN DO TFM

1. No prazo de cinco días contados desde a celebración do acto de presentación, o alumno/a poderá solicitar a revisión da cualificación outorgada ao TFM.

2. Na solicitude de revisión deberán constar, expresa e motivadamente, os aspectos concretos do TFM que fundamentan a discrepancia coa cualificación outorgada.

3. No prazo de 10 días a contar dende a presentación da devandita solicitude, o Tribunal avaliador resolverá fundamentadamente.

ARTIGO 15: ARQUIVO DE TFM

Os TFM que obtivesen a cualificación mínima de aprobado (5) integrarán un arquivo de TFM en formato dixital baixo a custodia da Biblioteca da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.

ARTIGO 16: NORMAS SUPLETORIAS

En todos aqueles aspectos non previstos nesta normativa interna será de aplicación a normativa da Universidade de Vigo e demais normativas xerais vixentes.

DISPOSICIÓN FINAL.- Esta normativa interna entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación pola Comisión Académica.

Anexo I

MODELO DE SOLICITUDE DE PROPOSTA TFM

ALUMNO/A	Nome e apelidos:	Sinatura:
PROF./A TITOR/A	Nome e apelidos:	Sinatura:
PROPOSTA TEMÁTICA		
TÍTULO		
MEMORIA (ORIENTACIÓN, OBJECTIVOS, METODOLOXÍA, ETC.)		

Á LA COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN AVOGACÍA

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN PÚBLICA E AVALIACIÓN DO TRABALLO FIN DE MASTER

D./DNA:..... D.N.I:.....

EXPÓN:

Primeiro, que está matriculado na materia Traballo Fin de Máster no presente curso académico;

Segundo, que cumpre as condicións xerais esixidas para a presentación pública e avaliación do Traballo Fin de Máster e, especificamente, as establecidas no artigo 11 da normativa interna de elaboración do Traballo Fin de Máster.

Polo que, SOLICITA:

A realización do acto de presentación pública e avaliación do Traballo Fin de Máster titulado

.....

..... do cal é titor/a

D./Dna.

VIGO, a de de 20....

O/A alumno/a

Visto e prace do Titor

Documentación que se achega:

1. Modelo de solicitude debidamente cumprimentado.
2. Catro exemplares do Traballo Fin de Máster co visto e prace do titor/a

e enviárase por correo electrónico unha versión do TFG en pdf. No pdf constará o NIF, nome e apelidos, título do traballo. Ademais, no texto do correo electrónico co pdf adxunto o/a alumno/a fará constar todos os devanditos datos.

3. Documentación adicional (opcional).
4. Certificación académica.
5. Informe do/a titor/a no que conste a súa cualificación numérica

Á COMISIÓN ACADÉMICA DO MÁSTER EN AVOGACÍA

Anexo III

REGRAS PARA A ELABORACIÓN DOS TFM

I. LÍNGUA DOS TRABALLOS

Os TFM poderán presentarse e defenderse en galego ou castelán.

II. ORIXINALIDADE E CARÁCTER INÉDITO DOS TFM

Os TFM serán necesariamente traballos orixinais e inéditos.

III. CARÁCTER CIENTÍFICO DOS TRABALLOS

Os TFM que se presenten deberán conter necesariamente o plantexamento do tema, o seu desenrolo e as conclusións obtidas.

Os TFM irán precedidos de tres apartados previos:

- a) Un resumo.
- b) O elenco de palabras clave do estudo.
- c) Un Sumario global ou índice que recolla a totalidade de epígrafes do TFM.

As conclusións deben quedar debidamente destacadas.

IV. EXTENSIÓN E FORMATO DOS TRABALLOS

Os traballos terán una extensión comprendida entre as 30 e 50 páxinas. Deberán remitirse en formato *pdf*. O corpo do texto principal presentarse en letra Times New Roman no tamaño 12 e terá interliñado de 1,5. As notas ao pé de páxina terán tamaño 10 da mesma letra e interliñado sinxelo.

Marxes do documento:

- Marxe superior: 2.5 cm
- Marxe inferior: 2.5 cm
- Marxe dereito: 2.5 cm
- Marxe esquerdo: 2.5 cm

A presentación en papel deberá conter unha portada na que conste: título do traballo, autor, titor, curso académico e titulación.

VI. CITA DE REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

As regras de presentación das citas e referencias que a continuación se recollen seguen as pautas máis comúns ás que se adaptan as investigacións xurídicas.

PAUTAS METODOLÓXICAS

A primeira vez que unha obra sexa citada farase unha cita completa da mesma en nota ao pé, conforme aos seguintes formatos:

Identificación do autor o autores: apelido (ou, apelidos) e inicial do nome del autor, en maiúsculas ou versalitas, separados por unha coma e rematado con un punto. Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUTIÁN, B. (A separación entre autores farase con punto e coma).

A continuación haberá de diferenciarse segundo o tipo de traballo citado:

- **Libro:** título del libro en cursiva, seguido do número de edición (se hai máis de unha), editorial, localidade de edición e ano da mesma.

Exemplo: RAMOS MARVELO, P.; *Incidencia de la protección del medio ambiente en el uso del suelo*, Bosch, Barcelona, 2011.

A separación entre o nome do autor e o título farase a través de punto e coma, e a separación do resto de indicacións referidas a través de comas.

- **Artigo en publicación periódica (revista):** título do artigo entre comiñas, título da revista en cursiva –se a revista é coñecida comunmente con algún acrónimo, este tamén haberá de indicarse-, ano de edición, páxina inicial e final do artigo, ou páxina concreta do artigo no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evacuación ambiental estratéxica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental (RDA)*, nº 17, 2011, págs. 89-112.

Exemplo 2: RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratéxica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental (RDA)*, nº 17, 2011, pág. 98.

- **Capítulo en colección de escritos de varios autores:** título do capítulo ou achega escrita entre comiñas, título da obra colectiva en cursiva, mención –de ser o caso- do nome do coordinador, director ou editor da obra conxunta, e, a continuación, mención da localidade e do ano de edición, páxina inicial e final do capítulo, ou páxina concreta no que consta o se trata o que se está a comentar.

Exemplo 1: RAMOS MARVELO, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, págs. 30-65

Exemplo 2: RAMOS MARVELO, F.; “La firma electrónica”, *Derecho y nuevas tecnologías*, (Dir. SERRA DOMÍNGUEZ, M.), Paitur, Madrid, 2011, pág. 47.

- **Obra en co-autoría:** os autores serán mencionados pola orden en que figuren no libro, artigo u outro tipo de escrito.

Exemplo: RODRÍGUEZ, M.; FOUZ GUITIÁN, B.; JUÁREZ TERRIOR, A.; E; *El turismo en el siglo XIX*, Paitur, Madrid, 2004.

As posteriores citas da mesma obra serán abreviadas, mencionándose, unicamente, o apelido (ou apelidos, de selo caso), do autor ou autores, e unha abreviatura do título da obra, seguida de tres puntos suspensivos entre paréntese e da indicación “*opus cit.*,” (obra xa citada).

Exemplo: RAMOS MARVELO, J.; “Problemas derivados de la aplicación, (...), *opus cit.*, pág. 35.

Modo de indicar as páxinas da obra ás que se refire a cita: farase coa abreviatura “pág.” ou “págs.” dependendo de se quere aludir a una ou máis páxinas.

Cita de documentos oficiais de organismos recoñecidos: empregárase o modo de cita oficial dos mesmos.

Cita de traballos localizables en páxinas web: Se a cita é de carácter xeral colocárase o *home page* e se é de carácter especial deberá colocarse en primeiro lugar a referencia ao traballo que se quere referir, e a dirección do *link* onde aparece a información, “*home page*”. Deberase indicar tamén a última data da consulta, dado que a información das páxinas web cambia a miúdo ou, incluso, desaparece.

Exemplo:

- a) Cita de carácter xeral:

www.mfom.es

- b) Cita de carácter especial:

RAMOS MARVELO, P.; “Problemas derivados de la aplicación inmediata de la evaluación ambiental estratégica a los instrumentos de planeamiento urbanístico”, *Revista de Derecho Ambiental* (RDA), <http://webs.xacobeia.mx/papers.pdf> (19/01/2012)

VII. BIBLIOGRAFÍA E NOTAS A PÉ

Nos TFM debe incluírse un epígrafe final no que se recolla toda a bibliografía consultada para a súa elaboración

As notas a pé irán incluídas ao longo do texto, segundo se vaian precisando, e non ao final do traballo.

5. bis. Aprobación, se procede, das táboas de recoñecemento directo de créditos e materias nas titulacións dos Graos en Dereito e en Relacións Laborais e Recursos Humanos, para os titulados en formación profesional de grao superior.

Apróbanse, por asentimento, as seguintes táboas de recoñecemento:

Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo

Grao en Dereito

Ciclos de grao superior do plan de estudos LOE	Tipo de materia Materia e créditos recoñecidos ECTS
Administración e finanzas	Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB) Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB) Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB) Réxime fiscal da empresa (6 ECTS, OP) Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional (6 ECTS, OP)
Asistencia á dirección	Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB) Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB) Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB) Créditos de materias optativas (12 ECTS)
Comercio internacional	Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB) Dereito Marítimo (6 ECTS, OP) Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)

	<p>Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB)</p> <p>Principios de Economía (6 ECTS, FB)</p>
Transporte e loxística	<p>Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)</p> <p>Dereito Marítimo (6 ECTS, OP)</p> <p>Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)</p> <p>Créditos de materias optativas (12 ECTS)</p>

Marketing e publicidade	<p>Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)</p> <p>Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)</p> <p>Novas tecnoloxías aplicadas AO Dereito (6 ECTS, FB)</p> <p>Créditos de materias optativas (12 ECTS)</p>
--------------------------------	--

Ciclos de grao superior do plan de estudos LOXSE	Tipo de materia Materia e créditos recoñecidos ECTS
Administración e finanzas	<p>Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)</p> <p>Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB)</p> <p>Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)</p> <p>Réxime fiscal da empresa (6 ECTS, OP)</p> <p>Responsabilidade civil da actividade empresarial e profesional (6 ECTS, OP)</p>
Secretariado	<p>Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)</p> <p>Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB)</p>

Comercio internacional

Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)
Créditos de materias optativas (12 ECTS)

Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)
Dereito Marítimo (6 ECTS, OP)
Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)
Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB)
Principios de Economía (6 ECTS, FB)

Xestión comercial e marketing

Principios de Economía (6 ECTS, FB)
Fundamentos e Administración de empresas (6 ECTS, OB)
Novas tecnoloxías aplicadas ao Dereito (6 ECTS, FB)
Créditos de materias optativas (12 ECTS)

Xestión do transporte

Fundamentos de contabilidade e finanzas (6 ECTS, FB)
Dereito Marítimo (6 ECTS, OP)
Fundamentos de administración de empresas (6 ECTS, OB)
Créditos de materias optativas (12 ECTS)

GRAO EN RELACIÓNS LABORÁIS E RECURSOS HUMANOS

Ciclos de grao superior do plan de estudos LOE	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
1. Administración de sistemas informáticos en rede	30 ECTS OP	
2. Administración e finanzas	30 ECTS OP	
3. Animación sociocultural e turística	30 ECTS OP	
4. Asistencia á dirección	30 ECTS OP	
5. Márketing e publicidade	30 ECTS OP	
6. Transporte e loxística	30 ECTS OP	
7. Xestión de vendas e espazos comerciais	30 ECTS OP	

Ciclos de grao superior do plan de estudos LOXSE___	Materia e créditos recoñecidos	ECTS
1. Administración de sistemas informáticos	30 ECTS OP	
2. Administración e finanzas	30 ECTS OP	
3. Secretariado	30 ECTS OP	
4. Xestión comercial e márketing	30 ECTS OP	
5. Xestión do transporte	30 ECTS OP	

6. Aprobación, se procede, da Normativa de Prácticas Externas do Máster en Avogacía (Vigo e Pontevedra).

O alumno Miguel Diéguez pon de manifesto o seu desacordo co feito de que as prácticas no sexan remuneradas.

Apróbase a normativa que figura no anexo I a este acta, por asentimento, e co voto en contra do alumno Miguel Diéguez.

7. Aprobación da modificación, se procede, da normativa de Prácticas Externas dos graos do Centro.

A Decana explica que o motivo da proposta de modificación é a necesidade de que a avaliación das prácticas responda á ficha das mesmas.

O alumno Miguel Diéguez pregunta se se podería articular un mecanismo para que o alumnado poida desenvolver as prácticas en verano. A Decana explica que se tratará de preguntar á ACSUG se existe algún modo máis sinxelo, para articular o referido mecanismo, que a modificación do Plan de Estudos.

Apróbase por asentimento, unha modificación do artigo 12 de normativa de Prácticas Externas dos Graos que queda redactado como segue:

Artigo 12.- Avaliación das prácticas

1.- A avaliación das prácticas levarase a cabo polo titor/a académico/a asignado ao alumnado. O devadito titor académico/a elaborará un Informe de Valoración Final no que determinará a cualificación final, tendo en conta que para poder superar a materia, é necesario non faltar inxustificadamente a máis dun 10% das horas que conforman a práctica, así como entregar ao titor/a académico/a no prazo de quince días naturais a contar desde o día en que conclúen as prácticas, a Memoria de Prácticas Externas, axustándose ao modelo incorporado ao Anexo I da presente normativa.

2.- A calificación, sobre 10 puntos, será o resultado da suma dos seguintes elementos:

- o 50% da calificación, sobre 10 puntos, que figure no Informe de Seguimento emitido polo titor/a da entidade externa.

- o 40% da calificación, sobre 10 puntos, que o titor/a académico outorgue á memoria das prácticas externas entregada polo alumnado.

- o 10% restante da calificación, sobre 10 puntos, atribuírase polo titor académico en atención a valoración global que realice do conxunto da actividade desenvolvida polo alumno/a. En particular, deberá tomar en consideración o nivel de cumprimento global durante todo o período de prácticas.

8. Aprobación, se procede, dun curso de formación sobre software de xestión de despachos.

A Decana explica a necesidade deste curso para a formación do alumnado. O programa se adxunta como anexo II a esta acta.

9. Admisión a trámite, se procede, das solicitudes de avaliación curricular presentadas polo alumnado.

Admítense a trámite as seguintes solicitudes de avaliación curricular presentadas polos alumnos, e apróbanse, por asentimento os correspondentes tribunais avaliadores:

- Solicitud presentada pola alumna Carmen Martínez García, en relación coa disciplina “Sistema fiscal español”, coa seguinte comisión avaliadora:

- Presidenta: Ana María Pita Grandal

- Profesor área 1: Anxo Tato Plaza (suplente: Helena Martínez Hens)

- Profesor área 2: Javier de Vicente Remesal (suplente :Noemi García Gestoso)
 - Profesor área 3: Almudena Bergareche Gros (suplente: M^a Antonia Arias Martínez)
 - Profesor área 4: Belén Fernández Docampo
 - Profesor área afectada: Luis Miguel Muleiro Parada (suplente: Jaime Aneiros Pereira)
 - Estudante: Ilduara Álvarez Domínguez (suplente: Gabriel Delgado González)
- Solicitud presentada polo alumno Ricardo Manuel Castro Martínez, en relación coa disciplina “Dereito Mercantil II”, coa seguinte comisión avaliadora:
- Presidenta: Ana María Pita Grandal
 - Profesor área 1: Helena Martínez Hens
 - Profesor área 2: Javier de Vicente Remesal (suplente :Noemi García Gestoso)
 - Profesor área 3: Almudena Bergareche Gros (suplente: M^a Antonia Arias Martínez)
 - Profesor área 4: Carmen Ruiz Hidalgo (suplente: Belén Fernández Docampo)
 - Profesor área afectada: Anxo Tato Plaza (suplente Pablo Fernández Carballo-Calero)
 - Estudante: Begoña Colmenero Baqueiro (suplente: Gabriel Delgado González)
- Solicitud presentada polo alumno César Fernández Escudero, en relación coa disciplina “Dereito Mercantil II”, coa seguinte comisión avaliadora:
- Presidenta: Ana María Pita Grandal
 - Profesor área 1: Helena Martínez Hens
 - Profesor área 2: Javier de Vicente Remesal (suplente :Noemi García Gestoso)
 - Profesor área 3: Almudena Bergareche Gros (suplente: M^a Antonia Arias Martínez)
 - Profesor área 4: Carmen Ruiz Hidalgo (suplente: Belén Fernández Docampo)
 - Profesor área afectada: Anxo Tato Plaza (suplente Pablo Fernández Carballo-Calero)
 - Estudante: Begoña Colmenero Baqueiro (suplente: Gabriel Delgado González)

10. Rolda de intervencións.

Non houbo.

Finaliza a sesión, sendo as 14:00, do que como secretaria dou fe.

A SECRETARIA